

## **ACTA NÚM. 4 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 16 DE MARZO DE 2017.**

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **16 de marzo de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

### **A S I S T E N:**

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

### **Concelleiros/as:**

#### **Compostela Aberta (CA):**

Dona María Rozas Pérez.  
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.  
Don Xan Xesús Duro Fernández.  
Dona Concepción Fernández Fernández.  
Don Manuel Díos Diz.  
Dona Marta Irene Lois González.  
Don Rafael Peña Vidal.  
Dona Noa María Morales Sánchez.

#### **Partido Popular (PP):**

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.  
Dona María José Castro Carballal.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.  
Dona María José Corral López.  
Don Manuel Martínez Varela.  
Dona Teresa María Gutiérrez López.  
Dona M<sup>a</sup> Teresa Cancelo Márquez.  
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

#### **Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):**

Don Francisco Reyes Santiás.  
Don Gonzalo Muíños Sánchez.  
Dona María Milagros Castro Sánchez.

**Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, visecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

**ORDE DO DÍA:**

- 1. Aprobación se procede da acta correspondente á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2016 (acta núm. 15/16).**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación definitiva do Estudo de detalle das parcelas EU-7, EU-2 e grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola. SUP-5 Choupana-Campus Sur.**
- 4. Aprobación definitiva do Estudo de detalle de criterios compositivos e estéticos no tratamento das fachadas do barrio de Vista Alegre. Estudo da cor.**
- 5. Proposición do grupo municipal Socialista, relativa á solicitude de declaración de ARI para a Almaciga.**
- 6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a realización dun censo detallado de persoas maiores que viven soas para axustar a planificación municipal e previr situacións de emerxencia.**
- 7. Proposición do grupo municipal do BNG, para instar a negociar coas administracións á construción da estación de mercadorías na Sionlla.**
- 8. Proposición do grupo municipal do BNG, relativa a desenvolver un proxecto de actuación en materia de sinalética no concello.**
- 9. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**
- 10. Comparecencia do concelleiro de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, acordada na sesión plenaria ordinaria do día 16 de febreiro de 2017.**

## **11. Rogos e preguntas.**

## **12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Cumpriméntase así:

### **1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2016 (ACTA NÚM. 15/16).**

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes aproba a acta correspondente á sesión plenaria ordinaria do día 15 de setembro de 2016, núm. 15.

### **2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).**

Non comparece a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

### **3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS EU-7, EU-2 E GRUPO DE VIVENDAS DE SAN IGNACIO DE LOYOLA. SUP-5 CHOUPANA-CAMPUS SUR.**

En relación ao presente asunto emitiu informe con data 6 de marzo do corrente ano, a xefa de sección de xestión urbanística, ao que deu conformidade o concelleiro de espazos cidadáns, dereito a vivenda e mobilidade, co seguinte contido:

“O Estudo de detalle fórmulase de oficio pola Sección Municipal de Planeamento, co obxecto de concretar a ordenación do equipamento universitario EU-7 e terreos lindantes (EU-2 e grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola) sitos na beira sur da avenida Mestre Mateo.

O ámbito territorial de actuación do Estudo de detalle figura integrado polas seguintes parcelas catastrais, ademais da rúa *Eira da Palleira*:

5968301NH3456H0001SQ  
5666971NH3456F0000UT  
5666959NH3456F0001MY  
5666901NH3456F0001RY  
5666902NH3456F0001DY

## **1. Planeamento vixente**

As parcelas catastrais 5968301NH3456H0001SQ e 5666971NH3456F0000UT integran o sistema xeral de equipamento universitario EU-7, incluído no ámbito de ordenación do Plan parcial do SUP-5 (Choupana).

A Modificación puntual do citado Plan parcial -aprobada definitivamente o 24 de novembro de 2011 (PLA/12/2011)- regulou as condicións de edificación e de urbanización desta peza, recollendo a edificación existente na subparcela sur (Centro de Investigacións de Medicina Molecular e de Enfermidades Crónicas, CIMUS), e establecendo as condicións de implantación das novas edificacións proxectadas nas subparcelas leste (Centro de Biomedicina Experimental de Galicia, CEBEGA, hoxe xa executado) e oeste (subparcela lindante co sistema xeral EU-2).

A parcela catastral 5666959NH3456F0001MY tamén pertence ao ámbito do Plan parcial do SUP-5, coa cualificación de zona verde pública.

As parcelas catastrais 5666901NH3456F0001RY e 5666902NH3456F0001DY forman parte da reserva de equipamento EU-2 delimitada ao sur da avenida Mestre Mateo polo PXOM vixente, que as incluíu no ámbito do *Plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8)* a través da súa disposición transitoria novena. Con data 1 de outubro de 2010, o Concello aprobou definitivamente a Revisión e adaptación do citado Plan especial (PE-8), que define nestas parcelas a zona de edificación universitaria ZEU-34, destinada a albergar a nova Facultade de Medicina.

## **2. Modificación puntual do Plan xeral e do Plan especial do Campus Universitario no ámbito da reserva de equipamento universitario EU-2 (PLA/3/2016)**

Con datas 28 de abril de 2016 e 16 de febreiro de 2017 o Pleno Municipal aprobou inicialmente a citada Modificación, que reduce o ámbito do sistema xeral EU-2 excluindo a parcela ocupada polo grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola, e suprime as previsións do PE-8 en canto á zona de edificación universitaria ZEU-34.

A modificación -actualmente en trámite- só mantén a cualificación de equipamento (EU-2) para a parcela non edificada (5666902NH3456F0001DY), e establece as condicións e criterios da súa edificación e urbanización

## **3. Obxectivos e contido do Estudo de detalle**

O Estudo de detalle ten por obxecto principal definir as condicións de urbanización dos terreos que integran o equipamento universitario EU-7, garantindo a súa correcta integración cos terreos lindantes (EU-2), afectados pola Modificación puntual en trámite.

No apartado 7 do documento descríbese de forma detallada a proposta de ordenación, que pode resumirse como segue:

- Fíxase a aliñación da parcela de equipamento EU-2 e do grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola, por prolongación da aliñación definida na rúa Eira da Palleira, o que permite resolver os accesos dende o sur do ámbito (Avenida de Barcelona).
- Na fronte da avenida Mestre Mateo defínese a aliñación da parcela EU-7, tomando como referencia as xa executadas no edificio CEBEGA, e diferenciándoa da liña de edificación, que se recua dende a aliñación. Así mesmo, sinálase unha aliñación no linde oeste da parcela, prolongando a definida pola rúa Eira da Palleira ata a súa conexión coa sinalada na avenida de Mestre Mateo.
- A accesibilidade rodada dentro do ámbito límitase á estritamente necesaria para dar acceso aos bloques de vivendas de San Ignacio de Loyola, evitando a continuidade do percorrido rodado na dirección norte-sur.
- O volume previsto no PE-8 (segundo a Modificación do 2011) para a subparcela oeste substitúese pola reserva para a construción dun aparcadoiro público, sobre e/ou baixo rasante, cun mínimo de 300 prazas. Na cuberta do aparcadoiro poderán dispoñerse os elementos precisos para o acceso peonil ao servizo, tendo en conta que formarán parte dos itinerarios peonís de comunicación entre as cotas das avenidas de Mestre Mateo e Barcelona.
- Desbótase a previsión de executar o paso soterrado baixo a avenida de Mestre Mateo, de acordo co informado polo arquitecto municipal en relación co proxecto presentado pola Universidade para a urbanización da parcela do CEBEGA:

*Sen embargo, e con independencia da indiscutible acomodación do Proxecto á ordenación aprobada, e desde o punto de vista deste Servizo, cómpre introducir o debate sobre a pertinencia de manter o paso soterrado baixo a avenida do Mestre Mateo, xa que ante a falta de uso da parcela universitaria da marxe de enfrente o paso inferior, de manterse, agora iría cara ningunha parte. Así como tamén, o pouco agradecidos que son os pasos inferiores longos, as sempre difíciles condicións de mantemento destes espazos e, sobre todo, a imposibilidade física de dar cumprimento ás condicións fixadas na “ORDEN VIV/561/2010, do 1 de febreiro, por la que se desenvolve “el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados” no que se refire ás pendentes máximas (6%) esixidas aos itinerarios peonís accesibles, todo isto tendo en conta o carácter de “viario urbano” e de “tráfico rodado moderadamente lento” que ten na actualidade a avenida do Mestre Mateo, fronte ao carácter de “estrada” precedente.*

*En definitiva, o Proxecto cumpre as determinacións dos instrumentos de planeamento aprobados, polo que desde o punto de vista deste Servizo, infórmase favorablemente.*

*Non obstante, proponse estudar a posibilidade de anular o paso inferior e acomodar a rasante á xeral da avenida do Mestre Mateo, sempre que a Universidade non teña interese en mantelo e que esta decisión responda os intereses municipais.*

...

O Estudo de detalle non altera o uso urbanístico atribuído polo planeamento superior ás parcelas afectadas (sistema xeral de equipamento universitario), producindo unha reordenación dos volumes edificables, con sinalamento de aliñacións e rasantes, e concreción das condicións de urbanización e de acondicionamento do espazo público, o que se estima compatible coa capacidade de ordenación dun Estudo de detalle no ámbito das parcelas de equipamento público.

No presente caso, ademais, o artigo 22 da normativa do Plan parcial do SUP-5 vixente - resultante da Modificación puntual aprobada en novembro de 2011- xa prevé a redacción dun Estudo de detalle *de ordenación volumétrica* que asegure a coherencia da ordenación conxunta das dúas parcelas (EU-7 e EU-2), cos seguintes criterios de ordenación:

*Formalizar con fronte á avenida do Mestre Mateo unha fachada edificada afastada da aliñación, que permita resolver o desfase topográfico existente e a formalización dunha área axardinada e peonil con fronte á avenida.*

*Garantir a continuidade formal e funcional dos itinerarios e percorridos de conexión co complexo hospitalario, tanto a través das edificacións proxectadas, como a través das zonas libres resultantes entre as novas dotacións.*

*A zona non ocupada pola edificación e os seus accesos deberá acondicionarse como área axardinada.*

*Ao interior das parcelas edificables será obrigatorio a execución dunha dotación de aparcadoiro en proporción ás superficies construídas para cada uso, de acordo á regulación establecida no Plan xeral de ordenación municipal.*

#### **4. División do ámbito en dúas fases de actuación**

Como xa se explicou antes, o Estudo de detalle incorpora a definición de aliñacións e rasantes no ámbito das parcelas afectadas pola Modificación puntual do Plan xeral e do

Plan especial do Campus Universitario no ámbito da reserva de equipamento universitario EU-2, actualmente en trámite.

Ao non ter sido aprobada definitivamente a nova ordenación proposta na citada Modificación do PXOM para o ámbito do sistema xeral EU-2 e grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola, é preciso independizar os dous ámbitos de actuación, como deseguido se indica:

1. No ámbito delimitado como fase 1, que se corresponde co do equipamento universitario EU-7, rúa Eira da Palleira e zona verde lindante -terreos todos eles incluídos no ámbito do Plan parcial do SUP-5-, as determinacións do Estudo de detalle aplicaranse directamente, a partires da súa aprobación definitiva e entrada en vigor.

2. No ámbito delimitado como fase 2 -que se corresponde co equipamento universitario EU-2 e grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola- a ordenación pormenorizada que se establece no Estudo de detalle queda condicionada ao que resulte da aprobación definitiva da Modificación puntual do Plan xeral e do Plan especial do Campus Universitario no ámbito da reserva de equipamento universitario EU-2.

No documento que se somete a aprobación definitiva incorpóranse, como anexos, os planos de delimitación dos dous ámbitos ou fases de actuación.

## 5. Tramitación

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno con data 22 de xullo de 2016 e someteuse a **información pública** durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia de data 6 de outubro de 2016 (nº 191) e no xornal *La Voz de Galicia* do día 4 do mesmo mes. Simultaneamente practicouse notificación persoal a todos os propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, e publicouse anuncio no Boletín Oficial do Estado do día 21 de setembro de 2016 (nº 228). Non consta a formulación de alegacións.

En cumprimento do esixido polo artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, obtívose o **informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural** da Xunta de Galicia, asinado o 1 de decembro de 2016 (exp. 2016/1016).

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle nas parcelas EU-7, EU-2 e grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola (SUP-5 Choupana - Campus Sur), coas seguintes condicións:

1. No ámbito delimitado como fase 1, que se corresponde co do equipamento universitario EU-7, rúa Eira da Palleira e zona verde lindante -terreos todos eles incluídos no ámbito do Plan parcial do SUP-5-, as determinacións do Estudo de detalle se aplicarán directamente, a partires da súa aprobación definitiva e entrada en vigor.

2. No ámbito delimitado como fase 2 -que se corresponde co equipamento universitario EU-2 e grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola-, a ordenación pormenorizada que se establece no Estudo de detalle queda condicionada ao que resulte da aprobación definitiva da *Modificación puntual do Plan xeral e do Plan especial do Campus Universitario no ámbito da reserva de equipamento universitario EU-2*, actualmente en trámite.

O acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.”

Xa que logo, a vista do informe transcrito, máis o ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente á súa sesión do día 9 de marzo de 2017, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acordaaprobar definitivamente o Estudo de detalle nas parcelas EU-7, EU-2 e grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola (SUP-5 Choupana - Campus Sur), coas seguintes condicións:

1. No ámbito delimitado como fase 1, que se corresponde co do equipamento universitario EU-7, rúa Eira da Palleira e zona verde lindante -terreos todos eles incluídos no ámbito do Plan parcial do SUP-5-, as determinacións do Estudo de detalle se aplicarán directamente, a partires da súa aprobación definitiva e entrada en vigor.

2. No ámbito delimitado como fase 2 -que se corresponde co equipamento universitario EU-2 e grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola-, a ordenación pormenorizada que se establece no Estudo de detalle queda condicionada ao que resulte da aprobación definitiva da *Modificación puntual do Plan xeral e do Plan especial do Campus*



*Universitario no ámbito da reserva de equipamento universitario EU-2, actualmente en trámite.*

O presente acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

#### **4. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DE CRITERIOS COMPOSITIVOS E ESTÉTICOS NO TRATAMENTO DAS FACHADAS DO BARRIO DE VISTA ALEGRE. ESTUDO DA COR.**

Con respecto ao asunto do epígrafe emitiu informe con data 6 de marzo de 2017, a xefa de sección de xestión urbanística, ao que dou a súa conformidade o concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, e que ten o seguinte contido:

“O proxecto fórmulase de oficio pola Sección Municipal de Planeamento co obxecto de concretar criterios compositivos e estéticos na rehabilitación das edificacións do barrio de Vista Alegre, incluídas polo vixente Plan xeral no ámbito da ordenanza especial OE-1R (artigo 151).

O ámbito da actuación figura integrado polos seguintes edificios:

Rúa de Boiro (só pares)  
Rúa de Rianxo  
Rúa de Santa Uxía de Ribeira  
Rúa de Santa Comba  
Rúa de San Xoán  
Avenida de Castelao, números 42 a 54  
Rúa de Noia  
Rúa do Bispo Diego Pelaez (só impares)  
Praza de Álvaro Cunqueiro  
Rúa de Vista Alegre, números 96, 98, 106 e 112

Segundo indica a memoria do documento, preténdese a regulación dos seguintes aspectos:

- Establecer as bandas ou partes da edificación que deben ter un tratamento cromático diferenciado, distinguindo o baseamento e o anexo correspondente á caixa do ascensor, nos edificios nos que está prevista a súa implantación, como elementos diferenciais respecto á situación previa.
- Definir as paletas de cor que se deberán aplicar fixando tanto a cor dominante correspondente ás fachadas como a paleta complementaria para estes elementos diferenciais.
- Definir a cor e características básicas das carpinterías.
- Definir uns criterios compositivos mínimos e comúns para as futuras intervencións nas plantas baixas, incluíndo as antes situadas baixo a rasante das terrazas e pasos elevados, que coa supresión destes elementos adquieren maior visibilidade e relevancia e que precisan unha integración co resto do edificio.

Coas citadas finalidades, complementa as determinacións do *Estudo de detalle para a rehabilitación integral do barrio de Vista Alegre* -aprobado definitivamente o 25 de setembro de 2008-, o cal, no seu apartado 3.2.3, remite a un documento ulterior a definición das condicións estéticas da edificación (*materiais, cores, texturas*). Así mesmo, modifica o establecido no apartado 3.2.2.5 do vixente Estudo de detalle, suprimindo a posibilidade de cuberta metálica para a cubrición dos patios ou antigas terrazas.

A redacción do Estudo de detalle obedece á necesidade de preservar o carácter unitario do conxunto, incluído no ámbito do “*perímetro azul*” (*zona de respecto e protección da paisaxe e silueta urbana*, delimitada pola Orde ministerial do 29 de outubro de 1964), asegurando a harmonización das distintas intervencións, e ao abeiro do previsto polo artigo 79.1.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

## 2. Tramitación

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 80.2 da LSG, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 16 de setembro de 2016 e someteuse a **información pública** durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *La Voz de Galicia* e no Diario Oficial de Galicia os días 22 e 23 de novembro de 2016, respectivamente. Simultaneamente, practicouse notificación persoal a todos os propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, e publicouse anuncio no Boletín Oficial do Estado do día 2 de novembro de 2016.

Durante o trámite de información pública non consta a formulación de alegacións.

No expediente consta o **informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural de Galicia** (2016/1035), asinado o 23 de xaneiro de 2017.

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

a) Aprobar definitivamente o *Estudo de detalle de criterios compositivos e estéticos no tratamento das fachadas do barrio de Vista Alegre -estudo da cor-*, formulado pola Sección Municipal de Planeamento, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.”

Xa que logo, a vista do informe transcrito e máis do ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente á súa sesión ordinaria do día 9 de marzo de 2017, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar definitivamente o Estudo de detalle de criterios compositivos e estéticos no tratamento das fachadas do barrio de Vista Alegre -estudo da cor-, formulado pola Sección Municipal de Planeamento, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O presente acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

## **5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA Á SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ARI PARA A ALMÁCIGA.**

O texto da proposición do epígrafe de data 7 de marzo de 2017, e número de rexistro 90, ten o seguinte contido:

“O proxecto Urbana Santiago Norte supuxo un investimento importante para o barrio da Almaciga. Este proxecto foi dirixido á transformación e desenvolvemento dos barrios da zona norte de Santiago, entre eles o da Almaciga. Comprende unha rexeneración económica e social que tentou equilibrar ou equiparar a súa situación coa do resto da cidade; os eixes de actuación da Urbana Norte vencelláronse fundamentalmente á dinamización social, promoción económica, mobilidade, igualdade de oportunidades e formación de colectivos en risco de exclusión.

Tamén se realizaron actuacións destinadas a reurbanizar, acondicionar e mellorar a accesibilidade a parques e espazos públicos, mellorando a súa mobilidade.

No ano 2007, o Concello de Santiago adxudicou ao Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA), pertencente á Universidade, a redacción dun estudo sociourbanístico do ámbito da Almaciga. Este traballo quería ser o paso previo á tramitación da solicitude á Xunta de Galicia para declarar Área de Rehabilitación Integral (ARI) a este barrio, como sucedeu co Casco Histórico en 1998, co polígono de Vista Alegre en 2006, cos grupos Cardenal Quiroga e Compostela en Pontepedriña en 2008 ou co barrio de Vite en febreiro de 2016.

É evidente que esta área da nosa cidade necesita unha intervención integral que mellore a súa calidade urbana e a habitabilidade da súa veciñanza. Estamos a falar de aproximadamente 2000 vivendas dos anos 60 e 70, que necesitan mellorar a súa accesibilidade coa instalación de ascensores e rampas, precisan dun axeitado tratamento nas súas fachadas, así como a eliminación de gretas e humidades; en definitiva, necesitan actuacións que melloren a calidade de vida dos seus habitantes, satisfagan as necesidades de vivenda da cidadanía e supoñan unha recuperación do patrimonio edificado deste espazo urbano.

Despois de rematado o proxecto Urbana Santiago Norte, o Grupo Municipal Socialista estima necesario é urxente que complementariamente coas actuacións desenvolvidas no barrio con este proxecto, o Concello, de acordo co decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programa autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Capítulo II, Sección 2ª, regula o procedemento para a declaración das áreas de rehabilitación integral.

O artigo 8 do mencionado decreto indica que a declaración farase por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), por petición dos concellos interesados en que se declare unha área no seu territorio.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

### **PROPOSICIÓN:**

Que o Pleno da Corporación inicie o procedemento para presentar a solicitude ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) da declaración de Área de Rehabilitación Integral (ARI) ao barrio da Almaciga, delimitada pola rúa de San Pedro, a Almaciga e a Avda. de Lugo.”

Con data 14 de marzo de 2017, número de rexistro 116, o grupo municipal do Partido Popular presentou emenda de modificación a anterior proposición, que contén a seguinte parte resolutiva:

“Que o Pleno da Corporación inicie o procedemento para presentar a solicitude ante o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da declaración de Área de Rehabilitación Integral (ARI) ao barrio da Almaciga, determinando o seu ámbito concreto en función da situación do resto dos ARIs xa declaradas, incluído o do Camiño de Santiago.”

Rematado o debate, e tras a aceptación da emenda transcrita, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda iniciar o procedemento para presentar a solicitude ante o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da declaración de Área de Rehabilitación Integral (ARI) ao barrio da Almaciga, determinando o seu ámbito concreto en función da situación do resto dos ARIs xa declaradas, incluído o do Camiño de Santiago.

### **6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A REALIZACIÓN DUN CENSO DETALLADO DE PERSOAS MAIORES QUE VIVEN SOAS PARA AXUSTAR A PLANIFICACIÓN MUNICIPAL E PREVIR SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.**

O texto da proposición presentada con data 7 de marzo de 2017 e número de rexistro 91, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN:**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O envellecemento da poboación é unha das consecuencias relacionadas co incremento da esperanza de vida e co descenso das taxas de natalidade que se ten producido nos últimos anos nas sociedades avanzadas e tamén nos países en desenvolvemento. E o noso concello non é unha excepción.

Os cambios sociais no noso arredor nas últimas décadas e o ritmo de vida actual fixeron que cada paso sexa máis frecuente que haxa persoas de idade avanzada vivindo soas, ás veces sen ningún tipo de apoio. Cando iso se produce, advírtese que a soidade pode converterse nunha forma de exclusión social para a que, ás máis das veces, non se contempla unha atención especial a pesar da súa potencial gravidade.

As causas da soidade das persoas maiores poden ser moi diversas: afastamento ou ausencia das familias, falecemento de persoas do seu contorno, limitación das capacidades físicas, psíquicas ou sensoriais que impidan o dificulten a súa mobilidade ou que lle resten confianza e seguridade para abandonar o seu fogar.

Na actualidade, aínda que existen recursos públicos destinados a ese segmento da poboación, como os programas de envellecemento activo, determinadas axudas no fogar ou residencias –como a nova anunciada recentemente pola Xunta de Galicia para a cidade de Santiago con 120 prazas–, danse casos de persoas que por diferentes motivos non se vén beneficiadas por esas accións, enfrontándose nalgúns casos a situacións de necesidade e mesmo de perigo no seu vivir diario.

É sabido que, fronte a alternativa do ingreso en residencias, os especialistas aconsellan como moi beneficioso a permanencia das persoas maiores nos seus contornos habituais, sempre e cando non presenten uns elevados graos de dependencia e dispoñan de medios axeitados para a súa vida diaria.

Porén acontece que en moitos casos non se dan esas condicións e a pesar diso existen moitas persoas que seguen a vivir soas. A súa situación adquire así unha dimensión de problema social que se pode incrementar cando se carece de arraigo na cidade ou no concello.

Nesas condicións, o illamento e a soidade poden supoñer un menoscabo importante da calidade de vida desas persoas, que se pode traducir nunha perda de autoestima ou en situacións de desamparo ao non ter –ou percibir que non teñen– a ninguén próximo a quen acudir cando o precisan.

No Concello de Santiago, segundo os datos do IGE referidos a 2016, existen 19.876 persoas maiores de 65 anos (un 20,71% do total de poboación) e delas, 9.785 (10,2% do total) contan con máis de 75 anos. Son unhas cifras importantes que veñen medrando de

forma exponencial nos últimos anos, posto que hai unha década os maiores de 65 anos eran 15.850 (16,95% do total), dos que 7.783 (8,33% do total) tiñan 75 ou máis anos.

Segundo o último Censo de Poboación e Vivendas que o INE realiza cada dez anos, no ano 2011 en algo máis dun 26% dos fogares de Santiago (9.790) vivía unha soa persoa e dese número preto dun 33% (3.205) vivían persoas de 65 ou máis anos. Á vista deste datos, podemos afirmar que unha de cada seis persoas maiores de 65 anos do noso concello vive soa. Sen dúbida, baixo a frialdade dos números existen realidades moi diversas que é preciso coñecer e tratar de afrontar.

Unha das tarefas das institucións e dos poderes públicos é a de velar para evitar que, na medida do posible, se dean este tipo de situacións de desamparo e con ese fin o Concello dispón dun amplo abano de recursos para as persoas maiores, uns recursos que ás veces son ignorados polos seus potenciais interesados. Por poñer un exemplo, segundo os datos do propio Concello apenas un 4% desas 3.205 persoas de máis de 65 anos que viven soas gozan do servizo de Axuda no Fogar, un dos principais programas municipais que veñen funcionando desde hai anos dirixido a este colectivo.

Para garantir que a información sobre este tipo de medidas de apoio poida chegar ás persoas maiores do Concello e, sobre todo, para diagnosticar e prever a necesidade da súa activación, desde o Grupo Municipal do Partido Popular propoñemos que a Administración local sexa proactiva e que sexa ela a que se dirixa a esas persoas para poñelas en coñecemento dos recursos que están á súa disposición para a mellora da calidade de vida e evitar posibles situacións de risco, como as que por desgraza se teñen dado noutras latitudes onde a soidade ten actuado como un desencadeamento de fatais consecuencias.

A nosa proposta pasa por elaborar un censo detallado de persoas maiores que vivan soas, no que se recollan todas aquelas circunstancias que sexan de interese para ter un coñecemento o máis exhaustivo posible das situacións, dos problemas e das posibles solucións para manter un axeitado nivel de saúde e de calidade de vida dese segmento da poboación. Evidentemente, os datos de carácter persoal que se poidan obter, deberán contar coa autorización das persoas interesadas, ser tratados con estrito cumprimento da normativa de protección de datos e ser empregados exclusivamente coa finalidade de servizo público que inspira e fundamenta esta iniciativa.

De acordo co anterior, proponse a adopción polo Pleno Municipal do seguinte

### **ACORDO**

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a realización dun censo municipal de persoas maiores que vivan soas no termo

municipal, no que se especifiquen aquelas condicións e circunstancias que se consideren pertinentes, a fin de dispoñer da información máis actualizada e completa posible para subministrarlles as liñas de axudas e facilitarlles os recursos públicos dos que poidan ser beneficiarias esas persoas, contribuíndo así a unha mellora efectiva da calidade de vida nos seus fogares e evitar posibles situacións de risco.”

A anterior proposición presentou emenda o grupo municipal de Compostela Aberta, con da 15 de marzo de 2017, e que non foi aceptada polo grupo proponente.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros dos grupos municipais do Partido Popular e PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta e 2 abstencións correspondentes aos/as concelleiros do grupo municipal do BNG, acordainstar ao correspondente órgano do goberno local a dar os pasos necesarios para a realización dun censo municipal de persoas maiores que vivan soas no termo municipal, no que se especifiquen aquelas condicións e circunstancias que se consideren pertinentes, a fin de dispoñer da información máis actualizada e completa posible para subministrarlles as liñas de axudas e facilitarlles os recursos públicos dos que poidan ser beneficiarias esas persoas, contribuíndo así a unha mellora efectiva da calidade de vida nos seus fogares e evitar posibles situacións de risco.

## **7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA INSTAR A NEGOCIAR COAS ADMINISTRACIÓNS Á CONSTRUCCIÓN DA ESTACIÓN DE MERCADORÍAS NA SIONLLA.**

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 7 de marzo de 2017, e número de rexistro 92, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno, co fin de instar a negociar coas administracións correspondentes a construción da estación de mercadorías na Sionlla.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O polígono da Sionlla conta con 1.300.000 m<sup>2</sup> no PXOM de decembro de 1989 e no capítulo dedicado ás infraestruturas sinala como unha das actuacións prioritarias a construción dunha estación de mercadorías na Sionlla en substitución da de Cornes.

O Concello puxo a disposición do Ministerio de Fomento 10.000 m<sup>2</sup> a engadir aos terreos dos que xa dispoñía RENFE na antiga estación da Sionlla, estes atópanse no



entorno do Polígono Industrial do Tambre, do novo polígono da Costa Vella. As actuacións de chan con uso industrial e comercial nas proximidades da Sionlla medraron enormemente, pois o Polígono do Tambre está totalmente ocupado.

A antiga estación da Sionlla tamén está perto dunha empresa de grande importancia como é FINSA. Nos servizos administrativos de Renfe dispoñen tamén de varias solicitudes presentadas por esta empresa de madeira urxindo a construción das instalacións da Sionlla e comprometéndose ao pago dos custos dunha conexión coas súas instalacións.

No 2006 establécese un plan de sectorización anunciado pola Consellaría onde especificaba que estarían destinados 73.000m<sup>2</sup> para unha estación ferroviaria para o transporte de mercancías.

O enlace ferroviario completaría unha rede de comunicacións que inclúe tamén o acceso directo coa nacional 550, a autovía da Lavacolla e a AP-9 a través do periférico.

No 2016 a Xunta de Galiza e o Ministerio de Fomento discrepan en torno ao lugar de emprazamento da estación de mercadorías. Madrid opta pola Susana porque consideran que non hai espazo suficiente ao norte da cidade para a terminal pero a Xunta estima que o mellor emprazamento é o polígono da Sionlla e móstrase disposta a achegar gratuitamente os terreos necesarios para a estación de mercancías.

Por todos estes motivos a estación de mercadorías tiña xa garantida a plena rendibilidade. Ademais, os datos facilitados polos servizos administrativos de Renfe sinalan que os movementos de mercadorías na estación de Santiago medran a un ritmo moi rápido e intenso, ritmo que podería ser maior se a localización da estación da Sionlla estivese realizado.

Temos claro que Compostela precisa dunha estación intermodal de ferrocarril e autobuses para pasaxeiros e pasaxeiros que se sitúa na actual estación, pero por suposto non se pode esquecer do transporte de mercadorías que debe ter a mellor localización posíbel.

O BNG en numerosas ocasións solicitou apertura de negociacións entre o Concello e as distintas administracións afectadas.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

No marco da mellora de transporte para Santiago de Compostela, o Concello xestionará con Renfe, ADIF, Xunta de Galiza e Ministerio de Fomento como actuación prioritaria a construción da estación de mercadorías na Sionlla.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, no marco da mellora de transporte para Santiago de Compostela, xestionar con Renfe, ADIF, Xunta de Galiza e Ministerio de Fomento como actuación prioritaria a construción da estación de mercadorías na Sionlla.

## **8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A DESENVOLVER UN PROXECTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE SINALÉTICA NO CONCELLO.**

O texto da proposición presentada con data 7 de marzo de 2017 e número de rexistro 93, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno, destinada a desenvolver un novo proxecto de actuación en materia de sinalética.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No ano 2003 Turismo de Santiago – INCOLSA desenvolveu unha acción integral de sinalización turística no marco do Plan de excelencia turística. Nesta sinalización integral uníronse a sinalización hoteleira direccional urbana e sinalización peonil da zona histórica. Con posterioridade, fóronse incorporando paneis para os novos hoteis abertos na cidade e fóronse actualizando, na medida do posíbel, a categoría e localización dos mesmos naqueles casos que variaron.

O Consorcio de Santiago e Turismo de Santiago desenvolveu no ano 2010 un proxecto de actuación en materia de sinalética, co obxectivo de manter a mesma coherencia e homoxeneidade que nas precedentes, intentando respectar os compoñentes de sinalización existente. Estaba previsto tamén realizar un novo estudo de diagnose e de implementación de diversos puntos de interese que cómpre sinalizar, dende todas as entradas da cidade até os destinos culturais ou turísticos como son o aeroporto, estación de autobuses, estación de tren, Auditorio de Galiza, praza de abastos, Centro Galego de Arte Contemporánea, oficinas de turismo, Museo do Pobo Galego, Museo da Catedral, Catedral, zona histórica, Pazo de Congressos e de exposicións, Cidade da Cultura e cámpings, entre outros.

Compostela precisa, ademais, mellorar a sinalización de acceso á cidade e instalar nas vías de comunicación de entrada e de saída, así como nalgunhas das vías que indican

bifurcacións, cruces ou desvíos por obras, para que sirvan de guía ás persoas usuarias, tanto peóns como condutoras de vehículos, sexan ou non habitantes da cidade e, polo tanto, coñecedoras do lugar de destino.

Cómpre detectar cales son os sinais defectuosos, cales son os que foron eliminados e tendo en conta as obras feitas nas rúas nos últimos anos, os novos hoteis e os cambios na súa nomenclatura proceder a realizar unha nova proposta de sinalización máis efectiva, propoñendo nos casos nos que sexa necesario o cambio de emprazamento dos sinais, a súa eliminación ou substitución.

Sen esquecer os da zona do rural onde tamén é preciso que se realice un estudo exhaustivo para indicar en que direccións se atopan as parroquias e aldeas, e tamén os lugares de interese cultural.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

O Pleno da Corporación acorda realizar un programa de sinalización viaria urbana e rural, en lingua galega, de cara a mellorar as indicacións nas vías de acceso, así como nos lugares onde sexa preciso, tanto para peóns como para persoas condutoras de vehículos, co obxectivo de contribuír a mellorar a mobilidade no Concello de Santiago de Compostela e de recuperar a toponimia.”

No transcurso do debate, auséntase do Salón de Plenos, o concelleiro Don Jorge Duarte Vázquez.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acordarealizar un programa de sinalización viaria urbana e rural, en lingua galega, de cara a mellorar as indicacións nas vías de acceso, así como nos lugares onde sexa preciso, tanto para peóns como para persoas condutoras de vehículos, co obxectivo de contribuír a mellorar a mobilidade no Concello de Santiago de Compostela e de recuperar a toponimia

### **9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, do 30 de xaneiro ao de 28 de febreiro de 2017 (núms. 534 ao 1211).

Así mesmo, dáse conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2016 (Núm. 94).  
Acta sesión ordinaria do día 5 de xaneiro de 2017 (Núm. 1).  
Acta sesión ordinaria do día 13 de xaneiro de 2017 (Núm. 2).  
Acta sesión ordinaria do día 20 de xaneiro de 2017 (Núm. 3).  
Acta sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2017 (Núm. 4).  
Acta sesión extraordinaria urxente do día 31 de xaneiro de 2017 (Núm. 5).  
Acta sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2017 (Núm. 6).  
Acta sesión ordinaria do día 10 de febreiro de 2017 (Núm. 7).  
Acta sesión extraordinaria do día 15 de febreiro de 2017 (Núm. 8).  
Acta sesión extraordinaria urxente do día 15 de febreiro de 2017 (Núm. 9).  
Acta sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2017 (Núm. 10).  
Acta sesión extraordinaria urxente do día 23 de febreiro de 2017 (Núm. 11).

#### **10. COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE, ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2017.**

Comparece o señor Duarte.

Unha vez rematadas as intervencións, e antes de entrar no seguinte punto da orde do día, faise un receso de vinte minutos.

#### **11. ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-**

##### **ROGOS:**

- 1. Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 95.**
- 2. Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 96.**

##### **PREGUNTA (Resposta oral):**

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 marzo de 2017, núm. 97.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 8 marzo de 2017, núm. 98.**

##### **ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-**

##### **ROGOS:**

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 99.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 100.**

**3.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 101.**

**PREGUNTAS (Resposta oral):**

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 102.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 103.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 104.**
- 4.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 105.**

**PREGUNTA (Resposta por escrito):**

- 1.- Rexistro de entrada do día 3 de marzo de 2016, núm. 89.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 9 de marzo de 2016, núm. 109.**

**ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-**

**ROGOS:**

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 106.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 107.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 8 de marzo de 2017, núm. 108.**

**PREGUNTAS (Resposta por escrito):**

- 1.- Rexistro de entrada do día 20 de febreiro de 2017, núm. 80.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 20 de febreiro de 2017, núm. 81.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 20 de febreiro de 2017, núm. 82.**
- 4.- Rexistro de entrada do día 20 de febreiro de 2017, núm. 83.**
- 5.- Rexistro de entrada do día 20 de febreiro de 2017, núm. 84.**
- 6.- Rexistro de entrada do día 27 de febreiro de 2017, núm. 86.**
- 7.- Rexistro de entrada do día 27 de febreiro de 2017, núm. 87.**
- 8.- Rexistro de entrada do día 1 de marzo de 2017, núm. 88.**

No debate do primeiro rogo auséntase o señor Reyes Santiás que se incorpora no debate do segundo.

Antes de entrar no punto das mocións, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba a seguinte Declaración Institucional, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG), e que ten o seguinte contido:

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO EN APOIO A UNHA NORMA LEGAL QUE REGULE A IDENTIDADE DE XÉNERO EN GALICIA**

En relación coa solicitude da Asociación Ulteira LGTBI Compostela con rexistro de entrada 91.777 e data 16/02/2017, a Corporación do Concello de Santiago presenta para a súa inclusión na orde do día da sesión plenaria do mes en curso, a seguinte Declaración institucional;

Durante os últimos anos aprobáronse diversas leis estatais e autonómicas para promover a completa equiparación legal e social de todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual, identidade sexual ou identidade de xénero.

Galicia, coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, foi das primeiras comunidades autónomas en legislar nesta materia. Sen embargo, co paso do tempo esta lei está a ser considerada como insuficiente polos colectivos implicados en relación coa problemática e a discriminación que lle afecta ás persoas trans, tanto as adultas como as familias de menores trans.

Tratando recoller as demandas e necesidades das persoas trans, varias comunidades autónomas teñen aprobado nos últimos anos leis para que poidan gozar dos mesmos dereitos que o resto da cidadanía.

O Concello de Santiago quere facerse eco da demanda de varias asociacións galegas que defenden os dereitos da comunidade trans, así como de activistas e especialistas en dereito, educación e sanidade, que veñen traballando na elaboración dun borrador para propoñer, no seo do Parlamento de Galicia, o debate e aprobación dunha nova Lei de Identidade de Xénero en Galicia.

Con este fin o Concello de Santiago insta aos grupos políticos presentes no Parlamento de Galicia a tomar en consideración o documento elaborado e rexistrado na Cámara galega para consensuar na actual lexislatura unha norma legal que lle dea resposta satisfactoria ás demandas das persoas trans e lograr así a igualdade real e plena no goce dos seus dereitos e liberdades.

### **12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

**Os textos das mocións presentadas polos grupos municipais son os que a continuación se transcriben.**

## **MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-**

### **1.- Rexistro de entrada do día 24 de febreiro de 2017, sobre a promoción, por parte do goberno galego, dun pacto pola conciliación e a corresponsabilidade nos concellos galegos**

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral e, a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar constitúen uns dos grandes retos do século XXI

A vida económica e, en particular, o mundo laboral, é un dos ámbitos fundamentais da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Na nosa sociedade, a desigual repartición entre os xéneros das responsabilidades familiares e do fogar constitúe un dos principais obstáculos para a participación plena das mulleres no mercado laboral, así como á súa permanencia e promoción dentro del.

A conciliación da vida persoal, familiar e laboral constitúe unha problemática complexa e conflitiva para unha parte da cidadanía, as mulleres, que viven en primeira persoa este conflito, pero tamén para os homes, as familias, os concellos, as empresas, o mercado laboral e a sociedade en xeral.

Podemos definir a conciliación como a participación equilibrada de mulleres e homes na vida persoal, familiar e no mercado de traballo. Isto supón compartir o traballo existente (organizando e flexibilizando os usos do tempo sobre a base da igualdade), compartir o poder, compartir as responsabilidades públicas e propiciar a presenza de mulleres nos ámbitos de decisión política e económica.

Non se circunscribe, polo tanto, ao ámbito privado e necesita a implicación de todos os axentes sociais: administracións públicas, empresas, sindicatos e tecido asociativo.

A corresponsabilidade social vai máis aló da conciliación. A corresponsabilidade social significa aumentar a implicación das persoas na repartición das responsabilidades domésticas e familiares, especialmente os homes, para estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

A falta de corresponsabilidade e as dificultades para conciliar vida persoal, familiar e laboral, contribúen a soste a discriminación laboral e salarial das mulleres e constitúen unha das súas principais barreiras para o seu desenvolvemento profesional. No caso da

sociedade supoñen unha importante perda de talento que lastra a competitividade empresarial e dificulta o progreso económico.

É importante coñecer estas consecuencias na vida das persoas, pero tamén para a sociedade no seu conxunto para ser conscientes do alcance do problema e para buscar solucións que vaian á raíz do mesmo. Non se trata de axudar ás mulleres para que poidan traballar e levar o fogar senón de repartir tarefas e responsabilidade para que tanto homes como mulleres, gocen e exerzan os mesmos dereitos e as mesmas responsabilidades.

O traballar por e para a conciliación require dunha reflexión sobre o mercado laboral, o modelo educativo, de cidade, de urbanismo, de servizos... e incorporar a perspectiva de xénero de forma transversal nas políticas que se desenvolvan.

O ámbito local, pola súa proximidade á vida da cidadanía, é un marco idóneo para a promoción e xestión de recursos e servizos para a conciliación.

Ademais, debemos ter en conta e non perder de vista, o labor que os concellos veñen realizando respecto da consecución de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Esta experiencia en materia de igualdade, facilita a interacción coa cidadanía, a identificación das necesidades do propio Concello respecto a conciliación e, sobre todo, a promoción da participación cidadá.

Atendendo a todo o anterior, o Grupo Municipal Popular propón para o seu debate e consideración no Pleno a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

“O Pleno do Concello insta á Xunta de Galicia, en coordinación e coa colaboración da FEGAMP, a promover un Pacto pola conciliación e a corresponsabilidade no ámbito da vida laboral, familiar e persoal nos concellos galegos”.

### **2.- Rexistro de entrada do día 13 de marzo de 2017, núm. 113, sobre a recuperación do apoio e promoción da festa da uña de San Lázaro e a potenciación doutras festas tradicionais**

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**



O barrio de San Lázaro vén mantendo desde tempo inmemorial unha tradición gastronómica de fonda raizame relixiosa que se considera, non só a máis antiga da cidade, senón unha das máis antigas de Galicia.

Na fin de semana do Domingo de Paixón ou de Lázaro, preámbulo da Semana Santa, celébranse as festas de San Lázaro que inclúen a tradicional Festa da Uña, na que a veciñanza e os establecementos de restauración da zona exaltan e consomen as uñas do porco, acompañadas de chourizo, patacas e bertóns. As uñas son o produto principal da ofrenda que se lle fai ao patrón do barrio e que acaban sendo subastadas en poxa pública nos arredores da igrexa, obtendo unha recadación coa que na actualidade se adoita contribuír a afrontar os gastos das misas e o mantemento da igrexa, pero que noutro tempo podería ter axudado a manter as custos do antigo lazareto.

Non se sabe con certeza do arranque desta Festa. Hai quen afirma que supera os dous séculos. Pero poida que sexa anterior, se temos en conta a antigüidade do culto a San Lázaro neste núcleo no acceso a Compostela desde o Camiño Francés. Existe a constatación da fundación no século XII do lazareto ou hospital de San Lázaro, coa finalidade de confinar nese lugar as persoas afectadas pola lepra e outras enfermidades da pel, para o seu aloxamento e coidados antes de permitirlle a súa entrada á cidade. As evidencias arqueolóxicas teñen demostrado a existencia nese contorno –nas inmediacións do actual edificio da D.X. de Montes, onde perduran vestixios- dunha capela, hospital e necrópole que chegarían ata finais do século XIX, cando se constrúe nese lugar un novo hospital dependente da Deputación Provincial.

A capela dedicada a San Lázaro continuou aberta ao culto ata o primeiro cuarto do século XX, época na que debido ao seu estado de ruína foi derrubada para construír no seu lugar cara a 1924, en estilo modernista e co único resto románico dunha antefixa no campanario, a actual igrexa de San Lázaro, obra conxunta dos composteláns Fernández Ragel e López de Rego, arquitectos municipais a quen se lle deben outras destacadas obras na cidade, como o Pazo do Espiño ou a Casa das Máquinas de Galeras, da autoría de López Rego. Posteriormente, por acordo plenario do 24 de abril de 1964 a Deputación acorda cederlle ao Estado a finca do Hospital de San Lázaro para a instalación dun Centro Rexional de Extensión Agraria, que anos despois lle sería traspasado á Xunta de Galicia.

Así pois, a vinculación deste lugar con San Lázaro remóntase polo menos ao século XII o que permite supoñer que as ofrendas, entre elas as uñas, poidan ter unha orixe moito máis remoto que os douscentos anos que algúns afirman.

En todo caso, as celebracións relixiosas e a poxa das uñas, coa súa vertente gastronómica, viñéronse mantendo inalterables desde hai décadas, chegando a contar cunha Orde da Uña, hoxe desaparecida. A festa tivo altibaixos na programación de

actividades musicais, ata que nos últimos anos o Concello asumiu un papel decidido no apoio e promoción da veciñanza para potenciar esta cita anual, que desde 2010 recuperou a procesión e ata o ano 2015 contou con amplo programa de actividades e actuacións musicais no contorno do estadio de fútbol para darlle realce a estas antigas e tradicionais festas.

O ano pasado non se constatou esa implicación e ese decidido apoio por parte do Concello para a celebración desta festa que se veu reducida ao plano relixioso das misas e da poxa das uñas, mantendo a vertente gastronómica polo empuxe da veciñanza e dos negocios de hostalería, pero sen apenas actividades alternativas, ruadas nin verbenas. E todo iso a pesar que o Goberno local manifestara semanas antes, na Feira de Turismo FITUR do mes de xaneiro de 2016, que o Concello ía apostar polo recurso da gastronomía, citando daquela que “na primeira quincena de marzo impulsará a Festa das Uñas de San Lázaro, considerada por moitos a festa gastronómica de Galicia, pero que nunca recibiu un impulso turístico decidido”. Evidentemente o impulso si o tiña recibido nos últimos anos ata que chegou o actual Goberno e con el o esmorecemento da festa.

Desde o Grupo Popular consideramos que é preciso revitalizar esta festa histórica e entrañable, unha festa emblemática para a cidade de Santiago e, por suposto, para o barrio de San Lázaro, que a través dela pode seguir a promover a súa historia e a súa identidade como un lugar senlleiro no Camiño Francés e no feito xacobeo. Unha revitalización que se podería facer extensible, coa mesma finalidade, a outras festas tradicionais que se manteñen en distintas zonas do noso Concello.

Conforme a todo o anterior, propoñemos a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano do Goberno local a impulsar de forma decidida o apoio e promoción da Festa da Uña de San Lázaro, contribuíndo á súa consolidación como unha histórica celebración gastronómica, colaborando na programación festiva e na mellora e na difusión da identidade histórica e cultural deste importante enclave do Camiño Francés. Unha iniciativa extensible, coa mesma finalidade de potenciar a identidade cultural da veciñanza, a outros eventos singulares e tradicionais en barrios e parroquias do Concello.

**3.- Rexistro de entrada do día 13 de marzo de 2017, núm. 114, para impulsar un acordo urxente entre os grupos parlamentarios no congreso de deputados para a tramitación e aprobación dos orzamentos xerais do estado de 2017**

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ninguén pode negar na actualidade que, grazas á Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local de 2013 e ao resto de normas e medidas aprobadas en favor das Corporacións Locais polo Goberno do Partido Popular, o conxunto das entidades locais está en superávit e a inmensa maioría dos concellos españois cumprindo coas súas obrigas de pagamento. Desta forma desmontouse o inxusto estigma do estrago co que se tiña etiquetado aos gobernos locais.

Este conxunto de medidas serviu para impulsar un modelo de administración que estimula a boa xestión ao servizo do cidadán, tal e como se demostrou coas cifras obtidas polas entidades locais: 0,44% de superávit en 2015 (en 2011 tiñan déficit, do 0,40% do PIB) e a súa débeda só representa o 3,28% do PIB. Superávit que alcanza os 4.765 millóns de euros e que todo indica que se volverá a repetir en 2016.

Hai que poñer en valor, e así creemos que o está a facer o Goberno do Estado, que máis do 90% dos concellos teñan superávit e estean axudando ao resto de administracións a cumprir cos seus obxectivos de déficit. As entidades locais son as administracións máis eficientes e máis eficaces na xestión pública e, en consecuencia, hai que corresponderlles con decisións e medidas que faciliten o seu labor, como a revisión e a flexibilización da regra e o teito de gasto.

Precisamente porque a actuación dos concellos e demais entes locais contribuíu, sen dúbida, a mellorar o clima e a estabilidade en momentos de grandes dificultades económicas no noso país, é xusto facer valer a necesidade de contar con mecanismos actualizados de xestión que permitan reinvestir ese superávit con maior flexibilidade, suavizando a aplicación da regra de gasto, mellorando a ratio da taxa de reposición e, en consecuencia, a publicación da oferta de emprego público; e todo iso para poder seguir prestando e mantendo os servizos públicos locais, aumentando a súa calidade e, en definitiva, favorecendo a creación de emprego .

Ademais, o municipalismo español apostou sempre pola modificación simultánea e vinculada do financiamento autonómico e a local e dos seus respectivos tributos, que evite solapamentos, defina os límites competenciais e garanta os recursos necesarios para a prestación adecuada dos servizos públicos.

O novo sistema de financiamento local, que estuda a Comisión de Expertos creada para o efecto, deberá aportar máis recursos ás facendas locais para que os gobernos locais poidan desenvolver de forma adecuada as competencias que teñen legalmente atribuídas

conforme ao previsto na Lei. E deberá recoller reivindicacións históricas das entidades locais, relativas á participación das entidades locais nos ingresos do Estado e o desenvolvemento dun modelo de participación das entidades locais nos tributos das comunidades autónomas, así como o establecemento dos mecanismos de coordinación entre o financiamento incondicionado autonómico e local.

Con todo, toda esta planificación pódese vir abaixo se non están aprobadas e en vigor as grandes liñas mestras da economía española a través dos Orzamentos Xerais do Estado e todo o conseguido ata o de agora podería sufrir un retroceso imperdoable, do que sería a cidadanía a principal prexudicada e, dentro dela, as persoas máis desfavorecidas, que son as máis directamente beneficiadas polas políticas locais.

Non hai que esquecer que sufrimos xa unha parálise institucional de máis de nove meses desde que se celebraron as eleccións xerais en decembro de 2015 e que a repetición destas eleccións en xuño de 2016 deu como resultado unha composición do Parlamento español que obriga ás forzas políticas con representación parlamentaria a entenderse, negociar e pactar.

Especialmente urxente é a negociación que afecta, como xa se dixo, aos orzamentos xerais do Estado, porque dela se deriva o mantemento da folla de ruta dos servizos públicos locais ou o seu retroceso. Pero non só iso, sen orzamentos non se pode investir o superávit municipal o que, sen dúbida, irá en detrimento da creación de emprego. Así mesmo, a falta de aprobación da Lei de Orzamentos está dificultando a xestión do Fondo de Financiamento, creado polo Goberno central para atender necesidades financeiras dos Gobernos locais.

Por iso, o Grupo municipal do Partido Popular eleva ao Pleno a aprobación do seguinte

### **ACORDO**

O Concello de Santiago de Compostela insta aos grupos políticos con representación parlamentaria nas Cortes Xerais a:

Primeiro.- Sentar as bases e alcanzar os acordos necesarios que permitan chegar á aprobación definitiva da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o Exercicio 2017.

Segundo.- Impulsar un amplo acordo para lograr a reforma do financiamento local que cumpra coas expectativas dos gobernos locais reclamadas longo tempo.

Terceiro.- Para o seu coñecemento acórdase finalmente, trasladar esta petición á Vicepresidencia do Goberno de España, ao Ministro de Facenda e Función Pública, aos

Portavoces dos Grupos Parlamentarios do Congreso e do Senado e á Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias.

#### **4.- Rexistro de entrada do día 13 de marzo de 2017, núm. 115, sobre a determinación dos actos de recoñecemento e as datas conmemorativas nos soportes municipais**

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A finais do pasado mes de xaneiro, o Goberno local comezou a difusión pública entre a veciñanza -e de forma especial entre os escolares- dun calendario municipal, ilustrado, para o ano 2017, cunha tirada de 20.000 exemplares e un custo de 17.000 euros. Unha publicación que inicialmente causou sorpresa pola demora na súa distribución e polo clamoroso erro de esquecer unha semana completa do mes de xaneiro, unha circunstancia que non se entende que non fora advertida e obrigada a corrixir, máxime cando o seu reparto se retrasou durante varias semanas.

Pero alén desas sorpresas iniciais, a análise do contido do calendario ofrece outras “curiosidades dignas de mención” ao reparar nas datas e nos acontecementos que se distinguen ao longo do ano, datas e acontecementos que, xunto ás celebracións habituais e tradicionais de Galicia e do noso Concello (Ano novo, Reis, Martes de Entroido, Letras Galegas, Santa María -máis coñecida como Asunción-, San Xoán, San Roque...) inclúen outras que non teñen carácter festivo e mesmo algunhas que apenas gozan de calquera arraigo popular no contorno cultural e social do noso Concello.

Así, aparecen, destacados, días que se relacionan con personalidades moi determinadas e mesmo algunha, como Luís de Camões, da que non se acerta a comprender a súa inclusión, mentres se deixa á marxe a moitas outras merecedoras de poder figurar, cando menos en igualdade de condicións e con fortes vínculos co concello.

Tamén se marcan -de entre os centos de días con dedicatoria mundial- os días da Lingua Materna, da Muller, da Árbore, da Auga, do Teatro, do Libro, tamén do Libro Infantil e Xuvenil, da Poesía, do Medio Ambiente, do Orgullo LGTBI, Europeo das Linguas, dos Animais, da Biblioteca, das Librarías, das Crianzas, Contra a Violencia Machista, dos Dereitos Humanos ou da Edición. Pero omítese moitos outros días con valores polo menos tan significativos. E aínda que se cita o Día Nacional de Galicia silénciase que ese tamén é o día do Patrón da cidade, o Apóstolo Santiago.

Mención especial merecen os realces dos días 14 de abril, sinalado como Día da República e o 25 de abril, destacado como o Día da Liberdade (propio de Portugal, por coincidir coa súa Revolución dos Cravos).

Non se ten constancia de quen parte a idea das estrañas incorporacións, nin dos criterios e motivacións que subxacen na escolla realizada. En todo caso entendemos que se trata dunha decisión arbitraria, carente do rigor e da motivación necesarios e na que se manifestan evidentes trazos e prexuízos ideolóxicos.

Tratándose dun soporte municipal, pagado con fondos públicos e orientado a ser un referente para o conxunto dos cidadáns, e particularmente dos nenos, as novas incorporacións -por tratarse no fondo de distincións ou recoñecementos de persoas, feitos ou realidades dignas de lembranza- deberían ser abordadas con rigor, cunha motivación clara sobre a súa relación coa realidade municipal e sobre a pertinencia da súa inclusión e, en todo caso, acordadas ou valoradas polo conxunto da Corporación para tratar de axustalas aos desexos e sentimentos da maior parte da veciñanza. Con esa finalidade, consideramos que este tipo de iniciativas habería que encadralas entre as materias a regular e a debater no correspondente Consello Asesor municipal.

Por iso, o Grupo municipal do Partido Popular eleva ao Pleno a aprobación do seguinte

### **ACORDO**

O Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a incluír na proposta de novo Regulamento Municipal de Distincións e Recoñecementos unha previsión específica que regule as datas conmemorativas que poidan figurar en calquera soporte municipal, e a que, mentres non se aprobe o Regulamento, as “distincións” dos días a conmemorar sexan sometidos á consideración do Consello Asesor de Condecoracións.

### **MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-**

#### **1.- Rexistro de entrada do día 7 de marzo de 2017, núm. 94, parador Santiago de Compostela de novas salas xudiciais do Social, Contencioso-Administrativo e Violencia de Xénero**

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a demandar novas salas xudiciais do Social, Contencioso-Administrativo e Violencia de Xénero en Santiago de Compostela.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Conferencia Sectorial da Administración de Xustiza é o órgano de cooperación entre a Administración do Estado e as Administracións da Comunidades Autónomas con competencias asumidas en materia de provisión de medios materiais, económicos e persoais necesarios para o funcionamento da Administración de Xustiza. Na reunión convocada o 22 de febreiro de 2017, o Goberno español confirmoulle ao galego que en 2017 creará novas salas en Galiza o que abre a posibilidade de reforzar as que están máis colapsadas, como é o caso de Santiago de Compostela.

Cómpre lembrar que na asignación de novas salas producida en novembro de 2016, a Xunta e o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza acordaron crear cinco novas salas xudiciais en 2017, nun reparto discriminatorio con Santiago de Compostela que non estaba avalado por criterios obxectivos e obvia o colapso histórico existente.

Nun contexto económico como o actual, a administración debera ser sensíbel para dotar dun novo xulgado do Social que atende temas relacionados co emprego como incapacidades laborais e despedimentos, ademais de ser precisas novas salas de Familia, Contencioso-Administrativo e de Violencia de Xénero ante o incremento de denuncias que se están a producir neste ámbito.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

## **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a realizar as actuacións necesarias diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e da Administración do Estado para dotar Santiago de Compostela de novas salas xudiciais do Social, Contencioso-Administrativo e de Violencia de Xénero.

## **2.- Rexistro de entrada do día 9 de marzo de 2017, núm. 110, para dotar de servizos básicos de iluminación pública e limpeza a zona da urbanización de San Marcos que dispón de licenza de primeira ocupación.**

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, destinada a dotar, no prazo dun mes, de servizos básicos de iluminación pública, limpeza e rozado de vexetación a zona da urbanización de San Marcos que dispón de licenza de primeira ocupación.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A nova urbanización de San Marcos, pese a dispor de licenza de primeira ocupación, non conta con servizos básicos como recollida de lixo nalgunhas rúas, limpeza, rozado de vexetación en terreos municipais nin iluminación pública, polo que as zonas comunitarias que son responsabilidade municipal se encontran en estado de abandono.

Ademais, esta urbanización figura no Catastro como rematada e viuse afectada pola revisión de valores polo que, sen dispor de servizos, incrementóuselle o importe do Imposto de Bens Inmóbeis.

En decembro de 2014 acordouse a execución do aval por importe de 507.099 euros en concepto do 20% do importe da contrata da obra de urbanización do SUNP-31, no que figura o BBVA como avalista.

Ademais, no expediente consta un informe de marzo de 2016 onde se conceden novas licenzas de primeira ocupación e se sinala que "foron postos a disposición do Concello os espazos destinados a viario público que dan servizo ao uso das vivendas construídas na fase 1 do 1º Sector do SUNP-31 San Marcos", mentres queda pendente a recepción das obras de urbanización da totalidade do polígono.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO**

O Concello de Santiago procederá, no prazo dun mes, a dotar dos servizos básicos de recollida de lixo, limpeza viaria e iluminación pública as zonas comunitarias das vivendas situadas na fase 1 do 1º sector do SUNP-31 San Marcos.

### **3.- Rexistro de entrada do día 10 de marzo de 2017, núm. 111, para demandar da Xunta a actualización do financiamento para desenvolver a lei do estatuto de capitalidade.**

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a demandar da Xunta a actualización do financiamento para desenvolver a Lei do Estatuto de Capitalidade.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Santiago de Compostela ten recoñecida a súa condición de capital de Galiza tanto no Estatuto de Autonomía como na Lei de Capitalidade aprobada no ano 2002, onde se estipula que ha de percibir unha compensación económica por este motivo.



Ao abeiro desta normativa, enténdese que esta cidade ofrece bens e servizos públicos para as persoas residentes e ademais, como consecuencia da capitalidade, atrae cidadás e cidadáns censadas noutros lugares e que, polo tanto, non contribúen ao seu financiamento. Nesa valoración, inclúese tamén o que o Concello deixa de ingresar en concepto de impostos locais por ter que reservar estes terreos para uso da Administración e non destinalo a outros usos alternativos.

A Xunta de Galiza, tal como establece a Lei de Capitalidade, para compensar os maiores esforzos que para as arcas municipais supoñen os gastos extraordinarios por ser a capital de Galiza, debe colaborar e cooperar na execución e financiamento das políticas en materia de Patrimonio Histórico-Artístico cunha programación anual das actuacións tendentes á súa conservación e rehabilitación; con políticas de recuperación urbana integral da zona histórica, dos contornos monumentais e espazos naturais de interese histórico e artístico do concello; para a atención e promoción turística; coordinación e apoio en materia de salubridade e espazos públicos; protección civil e seguridade cidadá vinculados ao turismo; transporte e seguridade.

Recoñece tamén esta lei que Santiago de Compostela, como capital de Galiza, debe normalizar e potenciar o uso do galego no ámbito das súas competencias en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Sobre o financiamento da capitalidade, no artigo 28 da Lei do Estatuto de Capitalidade dise que a condición de capital de Galicia da cidade de Santiago de Compostela terá un apartado específico nos orzamentos da Comunidade Autónoma. A tal fin, antes da elaboración do Proxecto de lei de orzamentos, o Consello da Capitalidade poderá emitir o correspondente informe.

É preciso pór de manifesto a importante acción coordinada que, para a preservación e potenciación do papel que corresponde a esta urbe singular, veñen realizando as diferentes administracións públicas; acción que se materializa desde o ano 1992 a través do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.

Foi no ano 2004 cando Santiago recibe por vez primeira este financiamento, que inicialmente se estableceu en 1,5 millóns de euros, coa promesa de que esta cantidade ía ir aumentando en cada exercicio até alcanzar os 3 millóns de euros que se calcula que é o custo de oportunidade da capitalidade de Santiago. O profesor Luís Caramés Viéitez cifra nun estudo realizado sobre o cálculo destes custes, que a Xunta debera ingresar 5,5 millóns de euros cada ano ás arcas deste Concello, como capital de Galiza, máis do dobre da asignación que se percibe.

Deste xeito, cómpre actualizar, coa actualización dos informes económicos necesarios, a cantidade percibida a través dos orzamentos da Xunta de Galiza, para facer valer a

compensación dos custos que o desenvolvemento da actividade institucional e representativa lle supoñen ao Concello de Santiago e ás persoas censadas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

O Concello de Santiago demanda da Xunta a actualización económica do financiamento que debe realizar anualmente ao abeiro da Lei do Estatuto de Capitalidade, para contribuír ao seu pleno desenvolvemento, mediante os estudos técnicos e económicos pertinentes.

### **EMENDA.-**

**1.- Rexistro de entrada do día 15 de marzo de 2017, núm. 117, emenda de adición á moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a promoción dun pacto local pola conciliación e a corresponsabilidade nos concellos galegos.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate en Pleno, a seguinte emenda de adición ao acordo da moción do grupo do PP sobre a promoción dun pacto pola conciliación e a corresponsabilidade nos concellos galegos.

Propón engadir puntos 2 e 3 co texto seguinte:

**2. O Pleno do Concello de Santiago insta ao Goberno galego a elaborar consensuadamente e coa máxima urxencia unha Lei Galega de Corresponsabilidade.**

**3. O Concello de Santiago cumprirá e aplicará o Pacto Local pola Conciliación asinado en 2010 con diversas institucións, entidades e asociacións.**

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-**

**1.- Rexistro de entrada do día 13 de marzo de 2017, núm. 112, relativa ao estado no que se atopan os colectores da cidade.**

O Grupo Municipal Socialista ven repetindo ao longo destes anos que a subcontratación dun servizo público non exime ao Concello da responsabilidade de fiscalizar e vixiar polo seu correcto cumprimento e do prego correspondente.

Nos últimos meses, foron moitas as queixas recibidas no Grupo Municipal Socialista respecto do estado no que se atopan moito colectores de lixo ubicados ao longo de toda a cidade.

Son moitas as rúas do Ensanche, do Casco Histórico, Figueiras, Quiroga Palacios ou Fontiñas, cuxos colectores precisan melloras, resparacións e mesmo limpeza. Atopámonos con colectores rachados, sen tapa, sen asa, con pintadas, cos pedais rotos e, por tanto, non abren...é dicir, con necesidades claras de tarefas de mantemento.

Tendo en conta que no contrato se especifica que os colectores tipo iglú deben limparse cada tres meses, e os normalizados cada mes, extremo que, semella non se está a facer, o Grupo Municipal Socialista teme que non se esté a cumprir o prego de condicións deste contrato.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

#### **MOCIÓN:**

- 1.- Que o Goberno solicite ao inspector municipal correspondente un informe do estado no que se atopan os colectores da cidade co que se verifique o cumprimento do contrato.
- 2.- Que o Goberno requira á empresa concesionaria a realizar un axeitado mantemento tanto dos colectores tipo iglú como dos normalizados.

#### **GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA.**

#### **EMENDAS.-**

- 1.- Rexistro de entrada do día 15 de marzo de 2017, núm. 119, emenda de modificación á moción presentada polo BNG para dotar de servizos básicos de iluminación pública e limpeza a zona da urbanización de San Marcos que dispón de licenza de primeira ocupación**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, emenda de modificación á moción do Grupo Municipal do BNG (rexistro de entrada 110 con data 09/03/2017), para dotar de servizos básicos de iluminación pública e limpeza a zona da urbanización de San Marcos que dispón de licenza de primeira ocupación.

A modificación proposta sobre o acordo da moción é a que se relaciona a continuación:

Onde di:

“O Concello de Santiago procederá, no prazo de un mes, a dotar dos servizos básicos de recollida de lixo, limpeza viaria e iluminación pública as zonas comunitarias das vivendas situadas na fase 1 do 1º sector do SUNP-31 San Marcos.”

Que diga:

O concello de Santiago procederá, unha vez recepcionada a obra e no prazo máis breve posible, a dotar dos servizos básicos de recollida de lixo, limpeza viaria e iluminación pública as zonas comunitarias das vivendas situadas na fase 1 do 1º sector do SUNP-31 San Marcos.

**2.- Rexistro de entrada do día 16 de marzo de 2017, núm. 120, emendas de modificación/substitución á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para impulsar un acordo urxente entre os grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados para a tramitación e aprobación dos orzamentos xerais do estado.**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, emendas de modificación/substitución á moción presentada polo PP (Rexistro de entrada 114 con data 13/03/2017), para impulsar un acordo urxente entre os grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados para a tramitación e aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado.

A modificación/substitución proposta consta das seguintes emendas:

## **XUSTIFICACIÓN**

Ninguén pode negar que as reformas lexislativas que impuxeron a limitación do gasto público local impediron aos Concellos prestar servizos básicos, propios, sociais e de proximidade que eran e son fundamentais para manter a calidade de vida e protexer a liberdade e a dignidade das persoas.

É innegable que as Entidades Locais foron escollidas como vítimas propiciatorias das políticas de recortes, cando en realidade o groso do déficit público e da débeda pública estaban e están aínda sendo xerados polo Estado e polas Comunidades Autónomas.

Cada euro do superávit que presentan hoxe as Corporacións Locais responde a unha necesidade social imperiosa, urxente, que non está sendo atendida polos Concellos. No actual marco lexislativo o resultado orzamentario é elevado a dogma mentres a

ciudadanía sofre carencias severas e enfronta día a día incertezas crecentes sobre o seu futuro e o das súas familias. Baixo esta máxima o teito de gasto pasa a ser máis importante que as persoas sen teito.

## **EMENDAS**

### **1. Emenda de substitución**

#### Onde di:

‘Primeiro.- Sentar as bases... [até] ...Exercicio 2017.’

#### Debe dicir:

‘Primeiro.- Instar aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados a facer valer a maioría parlamentaria para impulsar unha política económica ao servizo das maiorías, que paralice os recortes públicos e que recolla o seguintes puntos:

a) Reverter a modificación do artigo 135 da Constitución Española vixente desde o de 27 de setembro de 2011.

b) Derrogar a Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira para librar aos poderes públicos da regra de gasto.

c) Modificar a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, para recoñecer a competencia local en políticas públicas de proximidade, especialmente nas de carácter social, e a capacidade dos Concellos para establecer determinados servizos esenciais; e eliminar os preceptos relativos ao teito de gasto.

d) Eliminar a taxa de reposición de efectivos da próxima Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

e) Promover unha reforma fiscal de carácter progresivo, elaborar e executar un Plan estratéxico contra a fraude fiscal e realizar unha revisión efectiva da estrutura, orixe e destino dos fondos dos Orzamentos Xerais do Estado, a fin de situar o nivel de esforzo fiscal, de progresividade, de gasto público sobre o PIB e de redistribución de rendas na media da Unión Europea, que contribúan a unha sociedade máis igualitaria e equitativa, que tamén é a garante dun crecemento económico máis dinámico e sostible.

Segundo.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia a que garantan a autonomía e a suficiencia financeira dos Concellos galegos, ampliando a

participación dos Concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma, redefinindo os actuais mecanismos de reequilibrio territorial, e distribuindo de forma equitativa e transparente os fondos de política local, procedendo en consecuencia a:

- a) Formular e tramitar unha Lei de Facendas Locais de Galicia.
- b) Modificar a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.
- c) Modificar a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.  
[renumeraranse correlativamente os acordos subseguintes]

En primeiro lugar, procédese á votación da moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre a promoción por parte do goberno galego, dun pacto pola conciliación e a corresponsabilidade dos concellos galegos, e unha vez aceptada parcialmente a emenda presentada polo BNG, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

1.- Instar á Xunta de Galicia, en coordinación e coa colaboración da FEGAMP, a promover un Pacto pola conciliación e a corresponsabilidade no ámbito da vida laboral, familiar e persoal nos concellos galegos.

2.- O Concello de Santiago cumprirá e aplicará o Pacto Local pola conciliación asinado en 2010 con diversas institucións, entidades e asociacións.

A seguinte moción á que se procede ao debate e posterior votación, é a do grupo municipal do BNG, en relación a dotar a Santiago de Compostela de novas salas xudiciais, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda, instar a Xunta de Galicia a realizar as actuacións necesarias diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e da Administración do Estado para dotar Santiago de Compostela de novas salas xudiciais do Social, do Contencioso-Administrativo e de Violencia de Xénero.

Trás o debate da presente moción do grupo municipal do BNG en relación a dotar de servizos básicos de iluminación pública e limpeza a zona da urbanización de San Marcos, e unha vez aceptada a emenda transaccional presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, axilizar ao máximo os trámites xa iniciados para proceder á recepción parcial das rúas actualmente habitadas na maior brevidade posible nas vivendas situadas na fase 1 do sector 1º do SUNP-31 San Marcos.

Están ausentes no momento da votación a/o concelleira/o Dona Mª José Corral López e Don Jorge Duarte Vázquez.

Con respecto á moción do BNG para demandar da Xunta a actualización do financiamento para desenvolver a Lei do Estatuto da Capitalidade, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda demandar da Xunta de Galicia a actualización económica do financiamento que debe realizar anualmente ao abeiro da Lei do Estatuto da Capitalidade, para contribuír ao seu pleno desenvolvemento, mediante os estudos técnicos e económicos pertinentes.

Incorpóranse á sesión/o concelleira/o Dona M<sup>a</sup> José Corral López e Don Jorge Duarte Vázquez.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa ao estado no que se atopan os colectores da cidade, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda que o goberno solicite ao inspector municipal que corresponda un informe sobre o estado no que se atopan os colectores da cidade, co que se verifique o cumprimento do contrato.

Requirir á empresa concesionaria a realizar un axeitado mantemento tanto dos colectores tipo iglú como dos normalizados.

En relación á moción do Partido Popular, sobre a recuperación do apoio a promoción da festa da uña de San Lázaro e a potenciación doutras festas populares, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, instar ao correspondente órgano do goberno local a impulsar de forma decidida o apoio e promoción da Festa da Uña de San Lázaro, contribuíndo á súa consolidación como unha histórica celebración gastronómica, colaborando na programación festiva e na mellora e na difusión da identidade histórica e cultural deste importante enclave do Camiño Francés. Unha iniciativa extensible, coa mesma finalidade de potenciar a identidade cultural da veciñanza, a outros eventos singulares e tradicionais en barrios e parroquias do Concello.

Procédese de seguido ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do Partido Popular, para impulsar un acordo urxente entre os grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados para a tramitación e aprobación dos orzamentos xerais do Estado de 2017, e ao non ser aceptadas as emendas presentadas polo grupo municipal de Compostela Aberta nin a “in voce” presentada polo grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 14 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), polo que queda rexeitada a devandita moción.

A última das mocións en ser debatida e votada é do grupo municipal do Partido Popular relativa a determinación dos actos de recoñecemento e as datas conmemorativas nos soportes municipais, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 14 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), polo que queda rexeitada a devandita moción.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:12 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente, O vicesecretario,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández